Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio ambiente

Nº 215
2/03/2022

Outeiros do Mandeo, novo roteiro circular en Bergondo entre Fiobre e Mariñán

Bergondo creou o **roteiro Outeiros do Mandeo,** un itinerario turístico co que busca promocionar a riqueza natural e patrimonial do municipio e que discorre entre **Fiobre e Mariñán**, poñendo en valor as vistas á ría ou ao pazo de Mariñán, entre outros recursos.

O itinerario, de **3,16 quilómetros** e dificultade baixa, é circular con inicio e fin no parque de Fiobre. Atravesa puntos próximos á ría e outros máis altos tecendo un camiño que **mostra recursos patrimoniais** do municipio tanto a nivel **natural**, **arquitectónico como cultural** e que pon de relevo a **diversidade e riqueza do medio.**

Noticias

Arrigada, un 'First Dates' para paxaros

Conta a tradición que o **2 de febreiro**, día da Candelaria, **casan os paxaros**. Para favorecer o seu emparellamento e a culminación da ligazón coa cría de nuevo pajaritos, **mozos de Cambre prepararon e instalaron catro casas-niño** no xardín de Casa Arrigada e no paseo do río Mero, dentro dunha das actividades da OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) no **programa Por fin é venres!.** As caixas, que foron doadas pola Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, xa se utilizan por paxaros da contorna **como fogar e refuxio**, asegura o técnico de Xuventude Chus Díaz, segundo o testemuño de compañeiros do Concello de Cambre.

Máis Info

Next Generation para o Paseo do Baleario e as bicicletas eléctricas de Arteixo

Arteixo recibiu a aprobación para dous dos tres proxectos cos que se presentou aos **Next Generation**: un sistema de bicicletas público e a reforma do Paseo do Balneario. Recibirá **409.000** para a humanización do Paseo do Balneario e **292.000** para a instalación do sistema de bicicletas eléctricas. O concello é o **único municipio de Galicia de menos de 50.000 habitantes** que **pode optar** a estos fondos porque é o único dese tamaño que dispón dun sistema público de autobuses que conectan as diferentes parroquias, así como dun plan de mobilidade urbana sostible, dúas condicións que hai que cumprir para acceder a este fondos.

Máis Info

Os gobernos comprométense coa Nova Economía dos Plásticos

Once novos gobernos anunciaron no Cume One Ocean que se unirán ao Compromiso Global pola Nova Economía dos Plásticos, liderado pola Fundación Ellen MacArthur, en colaboración co Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA).

Sumaranse a este iniciativa os gobernos nacionais de Canadá, Colombia, Grecia, Italia, Noruega, a República de Corea, España e Uganda, así como os gobernos subnacionais da cidade de París, Grecia Central e País Vasco, o que evidencia o interese de todos eles en actuar con urxencia para Combater a Contaminación por Plásticos.

Máis Info

Bruxelas obrigará ás empresas a adoptar medidas contra o cambio climático e asegurarse do cumprimento cos Dereitos Humanos

A Comisión Europea pretende obrigar ás empresas a que actúen para evitar e previr que se vulneren os Dereitos Humanos nos seus procesos de produción e que cumpran cos compromisos ambientais para loitar contra o cambio climático. Por iso puxo sobre a mesa unha **directiva que esixe** ás compañías, as súas filiais e os seus provedores nas cadeas de valor que actúen en ambos os campos ou, polo menos, que **mitiguen os efectos secundarios** que poden producir, segundo o texto aprobado pola Comisión Europea.

Os plans do Executivo comunitario son que **nada máis entre en vigor afecte** as compañías de máis de 500 traballadores e unha facturación neta en todo o mundo de 150 millóns de euros. **A partir do terceiro ano**, tamén afectaría as compañías con máis de 250 empregados e 40 millóns de ingresos.

Máis Info

España rexistra un 41 % menos de choivas desde o inicio do ano hidrolóxico

Desde o pasado 1 de outubro choveu un **41 % menos do normal no conxunto de España**, cunha precipitación media de **200 litros por metro cadrado**, tendencia que podería situar a este ano hidrolóxico entre o tres máis secos desde 1961, segundo a Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet).

En concreto, desde o pasado 1 de outubro ata o 20 de febreiro acumuláronse no conxunto de España "**200 litros por metro cadrado**, cando en media se adoitan recoller **335 litros por metro cadrado**", explicou o portavoz de Aemet, Rubén Do Campo.

Os prognósticos de Aemet para o **trimestre** composto por **marzo, abril e maio**, "non ven unha tendencia clara" canto ás choivas no Cantábrico e rexións mediterráneas, pero no resto da Península "é probable que se manteña un escenario con choivas inferiores ao habitual".

Máis Info

Sabías que...

A **Rede Española de Cidades Saudables (RECS)** está integrada por case 300 Gobernos Locais, desde grandes capitais a medianos e pequenos municipios. En conxunto agrupa a máis de 23 millóns de habitantes, é dicir, en torno ao 50% da poboación española.

Mestura informativa

RECEITA ECOLÓXICA: Pasta con xamón, espárragos e alcachofas

INGREDIENTES: 4 persoas

Espárragos verdes, pasta curta, 1 limón, alcachofas, xamón serrano (podes substituír por fiambre de pavo), améndoas, allo, perexil, sal e aceite.

PREPARACIÓN: Limpa, lava e curta en gajos 4 alcachofas. Cóceas en auga salgada e co zume de limón, 10 min. Coce 350 g de pasta en auga salgada, ata que estea ao dente. Escúrrea. Limpa un feixe de espárragos, lávaos e saltéalos 2 min nun fondo de aceite. Mestura o allo pelado e picado con 20 g de améndoas e as alcachofas escurridas. Sazona, engade a pasta e serve cunhas lonchas de xamón e perexil.

9.200 especies de árbores aínda non foron descubertas

Un grupo internacional formado por máis dun centenar de científicos estima que existen **unhas 73.000 especies de árbores** en toda a Terra, aínda que **unhas 9.200 aínda non foron descubertas**. Así, a estimación total sería un 14% máis alta que a actual, tal e como recolle o estudo que se acaba de publicar na revista 'Proceedings of the National Academy of Sciences' (PNAS).

Os investigadores indican que **estas novas especies** aínda por descubrir **serían raras**, con poboacións moi pequenas e que se localizan en poucos puntos moi concretos, polo que serían **especialmente vulnerables** a fenómenos como a **deforestación e o cambio climático**, segundo os autores.

Máis info

LIBERA convoca á cidadanía para recoller datos sobre a basuraleza en contornas fluviais

Conscientes de que é necesario ampliar o coñecemento achega do impacto ambiental da basuraleza nas contornas fluviais, **LIBERA, o proxecto creado por SEO/BirdLife en alianza con Ecoembes,** lanza unha **nova campaña** de **'1m2 polos ríos, lagos e encoros'**, que terá lugar do **12 ao 20 de marzo**.

Así, no marco do Día Internacional dos Ríos, que se celebra o 14 de marzo, esta quinta edición da campaña de ciencia cidadá ten como **obxectivo** continuar recollendo datos para analizar tanto a tipoloxía, como o volume de basuraleza que é abandonada nestas contornas. **Ata o próximo 6 de marzo, calquera organización, asociación ou entidade pode participar na campaña creando puntos de recollida de basuraleza a través da web proyectolibera.org.**

Máis Info

O inverno primaveral xera caos nos ecosistemas españois

Os **ecosistemas españois** padecen estes días o **caos** que lles trouxo **un inverno recalentado** produto da crise climática: desde xaneiro encadéanse semanas moi cálidas que desembocaron en temperaturas "máis propias da primavera" en febreiro. Dous meses, ademais, con poucas choivas.

Entre as alteracións evidentes dos invernos máis cálidos está o **cambio na fenoloxía** das plantas: cando se abren as flores, nacen as follas e cáense.

Máis Info

Boas Prácticas

O novo modelo de colector de lixo de Barcelona será máis baixo

Os novos colectores que se instalarán nas rúas de Barcelona a partir do 7 de marzo xa foron presentados. A **principal característica** que a diferenza dos actuais é que son **máis baixos**. Desta maneira, segundo explicou o Concello da capital catalá, **mellórase a visibilidade e a seguridade.**

Tamén **terán distintas medidas para adaptarse á morfoloxía de cada barrio e bocas calibradas aos diferentes tipos de residuo que correspondan.** Ademais, os colectores de orgánica están **preparados** para introducir o sistema de **identificación de usuarios**, como o que se introduciu no barrio de Sant Andreu para atallar a crise que xerara a recolleita porta a porta.

.

Máis info

Valencia instala 22 sonómetros para medir o ruído en seis zonas de lecer

O Concello de Valencia despregou unha rede de **22 sonómetros intelixentes por seis zonas de lecer nocturno** da cidade co **obxectivo** de dispor dunha monitorización continua dos niveis de ruído e poder tanto "informar" como "influír" no grao de **contaminación acústica** que se xera nestas contornas.

Os dispositivos de captación de son, están **situados en farois e fachadas**. Trátase de 22 unidades intelixentes que inclúen unha **pantalla** na que se pode **visualizar o nivel sonoro en tempo real.**

Máis Info

Resultados do primeiro Plan de Euskadi para loitar contra o lixo disperso

A iniciativa da Deputación Foral de Gipuzkoa ten como obxectivo **eliminar os 536 focos** deste tipo localizados no territorio. Neste marco, realizouse un balance das actuacións desenvolvidas no ano 2021 para a prevención e corrección da acumulación de lixo disperso en Gipuzkoa.

No ano **2020** o Departamento de Medio Ambiente realizou por primeira vez un **estudo a escala territorial para a análise da problemática dos lixos dispersos.** En total, contabilizáronse **536 focos de lixo disperso en Gipuzkoa; 44 na contorna costeira, 359 na contorna terrestre e 133 na contorna fluvial.**

Máis Info

Axenda Ambiental

- **Curso ONLINE**: Interpretación temática en espazos naturais protexidos. Organiza CEIDA e a Deputación da Coruña, 7–29 marzo.
- **Programa Campus Rural. Prácticas Universitarias en Contornas Rurais.**
- **Encontros presenciais mocidade rural Rede Rural Nacional en Sillleda,** Pontevedra 5 de marzo 2022.

Ver Boletíns anteriores

Deputación da Coruña
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
Email: medioambiente@dacoruna.gal